



**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2014/2015/2016  
POLICÍA LOCAL-QUENDA LIBRE  
CONVOCATORIA 3º EXERCICIO.- PROBAS FÍSICAS**

Convócase aos aspirantes que superaron o segundo exercicio da oposición á realización do terceiro exercicio consistente nas probas de aptitude física.

**Lugar de celebración:** Pista de Atletismo Balaídos sita na Rúa dos Olímpicos s/n, 36210 desta cidade.

**Día e Hora de comenzo da proba:** O día 5 de DECEMBRO ás 09:30 horas todos os aspirantes deberán presentarse ante o órgano de selección no precitado lugar.

**Calendario:**

1.- Durante a mañá do mércores, 5 de DECEMBRO celebraranse as seguintes probas segundo orde de celebración:

1.1.- Comprobación da estatura.

1.2.- Probas físicas:

1.2.1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

1.2.2. Proba de potencia de tren superior: Flexións brazos/ suspensión en barra.

1.2.3. Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

1.2.4. Proba de resistencia xeral: 1000 metros lisos.

2.- Ás 09:00 horas do xoves, 6 de DECEMBRO na **piscina Municipal sita no rúa do Carme s/n - Travesas, desta cidade**, terá lugar a última proba: Natación, (25 metros estilo libre).

**Identificación formal:** Todos os aspirantes deberán ir provistos do seu documento nacional de identidade, con advertencia expresa da prohibición de realizar as probas e conseguinte expulsión do proceso selectivo para o caso de contravención da obrigación de identificarse validamente ante o órgano de selección.

Acreditación formal da aptitude para examinarse: Lémbrese aos aspirantes que, segundo dispón a Base Específica IV. i), deberán presentar perante o órgano de selección, **na data de realización do terceiro exercicio (probas físicas), certificado médico expedido en impreso oficial e asinado polo colexiado en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición,** ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar





expresamente que o/a aspirante reúne as condicións psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO IV das Bases). A non presentación do referido certificado suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O SECRETARIO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.- ANTONIO VIVERO MIJARES

O PRESIDENTE DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.- FRANCISCO MARTINEZ MUÑOZ



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 30/11/2018 14:28

Páxina 2 de 2

Expediente 32854/220

CSV: 2EEF5C-5BD3A5-EEB829-SQXVTY-WJCV63-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>